



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2018/4

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria

Ordinaria

Data

26 de abril de 2018

Duración

Desde as 11:00 ata as 12:30 horas

Lugar

Salón de Plenos do Concello

Presidida por

MANUEL LOPEZ CASAS

Secretario

Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI

Nome e Apelidos

Asiste

34729730Y

CARLOS GOMEZ SALGADO

SÍ

34944140X

ELVIRA LAMA FERNANDEZ

SÍ

34961770E

EVA ORO VILLARINO

SÍ

44451990M

FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ

SÍ

34984024N

JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES

SÍ

76716532D

LUIS MIGUEL GIL PENIN

SÍ

46506299T

MANUEL CABAS LOPEZ

SÍ

76770220S

MANUEL LOPEZ CASAS

SÍ

34957758N

MANUEL PEREZ CAMPOS

SÍ

76704603V

MARIA DOLORES CALVO LOPEZ

SÍ

44455043E

MONTSERRAT LAMA NOVOA

SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asisten a Interventora municipal **dona Mónica Legaspi Díaz** e a Adxunta a Secretaría **dona M.^a Dolores Fernández Salgado**.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Presidente abre a sesión, **propondo deixar sobre a mesa o punto 10 da orde do día, proposta que é aceptada por unanimidade do plenario**, e seguidamente procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día 12/04/2018. Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

Expediente 2579/2018. Moción conxunta a instacia do grupo municipal "XINZO ADIANTE" para instar ao goberno do Estado a modificar a Lei Xeral de Telecomunicacións e ao goberno municipal a realizar as xestións necesarias para que se desinstalen as antenas de telefonía sitas na rúa Ladeira:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó **Ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente e Sanidade**, do día 19 de abril de 2018, do seguinte teor literal:

"Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 28/02/2018 (nº 2018-E-RC-1717), presentado polo grupo municipal "Xinzo Adiante", por medio do cal presentan Moción para instar ao goberno do Estado a modificar a Lei Xeral de Telecomunicacións e ao goberno

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

municipal a realizar as xestións necesarias para que se desinstalen as antenas de telefonía sitas na rúa Ladeira, con proposta de acordo do seguinte teor literal:

"1.- O Concello de Xinzo de Limia solicita a reforma de Lei Xeral de Telecomunicacións por atender contra a autonomía municipal e autonómica e eleva ao Goberno central a proposta de que calquera reforma que afecte as entidades locais e autonómicas deberá contar coa participación das mesmas.

2.- Comunicar igualmente ao Goberno central a necesidade de que calquera reforma da Lei de Telecomunicacións debe ter en conta a saúde e a vida por encima dos beneficios económicos e non atender só aos intereses da industria.

3.- Instar o goberno central a que promova un despregamento das telecomunicacións seguro e saudable escoitando a todos os actores afectados pola LEI: os gobernos autonómicos e locais e especialmente á sociedade civil (asociacións e colectivos implicados) e aos científicos expertos independentes (as súas investigacións e os seus puntos de vista), atendendo ás recomendacións da Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (maio do 2011) sobre "Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seus efectos sobre o medio ambiente", así como aos Convenios internacionais relacionados (Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de 2006, e o Convenio de Aarhus de 1998, sobre o acceso á información, participación pública na toma de decisións e acceso á xustiza en temas ambientais).

4.- Dar traslado deste acordo aos Gobernos Central e Autonómicos, aos Grupos Políticos do Congreso de Deputados e dos Parlamentos Autonómicos e á Xunta de Goberno da FEMP.

5.- Instar ao goberno local a negociar coa empresa que instalou as antenas de telefonía no edificio de telefónica, sito na Rúa Ladeira, a inmediata desinstalación das mesmas, para procurar un emprazamento máis acaído e que non comprometa a saúde das persoas."

O Sr. Presidente, D. Manuel López Casas abre o turno de intervencións comenzando o propoñente da moción D. Manuel Pérez Campos para defender a mesma. Tanto o voceiro do Grupo Mixto D. Ramiro Rodríguez como a voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Elvira Lama, manifestan a súa abstención. Seguidamente, o Sr. Alcalde realiza unha proposta de modificación "in voce" baseada en refundir os cinco puntos que comprenden a proposta da moción do Grupo Xinzo Adiante nos seguintes puntos:

1) Instar o Goberno do Estado a reforma da Lei Xeral de Telecomunicacións na que se promova un despregamento das telecomunicacións seguro e saudable para os cidadáns por encima dos beneficios económicos das empresas, contando coa participación da FEMP para a elaboración de dita reforma a fin de que sexa trasmisora dos citados intereses.

2) Instar o Goberno Local a negociar coa empresa titular das antenas de telefonía no edificio de Telefonía sito na rúa Ladeira, a inmediata desinstalación das mesmas, para procurar un emprazamento máis acaído e que non comprometa a saúde das persoas.

O voceiro do Grupo Xinzo Adiante, D. Manuel Pérez Campos acepta a proposta de modificación da moción efectuada polo Sr. Alcalde.

Tras o debate, o texto alternativo da moción resulta ditaminada favorablemente cos votos a favor dos concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2) e dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e coa abstención do Concelleiro do Grupo Mixto (1), a seguinte proposta de acordo:

1) Instar o Goberno do Estado a reforma da Lei Xeral de Telecomunicacións na que se promova un despregamento das telecomunicacións seguro e saudable para os cidadáns por encima dos beneficios económicos das empresas, contando coa participación da FEMP para a elaboración de dita reforma a fin de que sexa trasmisora dos citados intereses.

2) Instar o Goberno Local a negociar coa empresa titular das antenas de telefonía no edificio

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

de Telefonía sito na rua Ladeira, a inmediata desinstalación das mesmas, para procurar un empramento máis acaído e que non comprometa a saúde das persoas."

O **Sr. Alcalde**, tras a lectura do punto da orde do día abre abre a **1ª quenda de intervencións**:

Comeza a súa intervención o **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez**, recordando que se abstivo na votación deste punto na correspondente comisión informativa motivo polo que indica que vai facer unha breve intervención relativa a que as verdades científicas que á data actual existen sobre este tema son que non hai estudio serio que avale a repercusión das antenas na saúde das persoas e que na páxina do Ministerio de Enerxía onde se recollen as estacións consta que Xinzo conta con tres antenas atopándose a medición relativa ás mesmas entre os valores 0,01 e 0,2, sendo o nivel de referencia legal máximo en microwatios por centímetro cadrado de 200 microwatios. Porén o exposto e deixando claro que non ten repercusión algunha na saúde das persoas, sen embargo, apoia a citada moción porque igual que están ubicadas as antenas nun sitio determinado tamén se pode modificar dita ubicación.

A **Sra Elvira Lama Fernández** intervén para manifestar o seu voto a favor e recorda ó grupo de goberno que o seu grupo xa se opuxo á colocación de antena de telefónica á beira dos colexios, do Centro de Saúde e da Garda Civil, recordando que é a Corporación a que debe buscar alternativas de ubicación máis acaídas.

O **Sr Manuel Pérez Campos** intervén para manifestar que existen sobre 3.800 estudos sobre a repercusión das antenas na saúde das persoas, salientando neste eido un da Organización Mundial da Saúde relativo a súa incidencia no cancro. Asemade, salienta que o seu grupo non está en contra do progreso, senón que o que fai e recoller o sentimento da cidadanía, a cal manifesta a súa oposición á instalación da antena ó lado dos colexios e doutros centros públicos.

O **Sr Manuel Cabas López** indica que a posición do seu grupo é a favor baseándose en que hai moitos estudos que avalan que non hai indicios de posible repercusión nas persoas, se ben puntualiza que é posible que a moi longo prazo poda ocasionar problemas ós animais. Asemade, en relación ó manifestado polo Señor Manuel Pérez Campos indica que no estudo que alude non se refire ás antenas senón ós móbiles, e a pesares diso, seguimos utilizándoos todo o día, sen embargo, ante a posibilidade de que poida ser certo, establécense unha serie de medidas preventivas, o cal é o motivo de que se apoie a moción por prudencia e precaución.

O **Sr. Alcalde** abre a **segunda quenda de intervencións**.

O **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** manifesta que está de acordo coa exposición do portavoz do grupo municipal popular, dado que non existe estudo algún á data actual que acredite a repercusión das antenas na saúde humana, pero dado que a tecnoloxía é recente, o que conleva un descoñecemento dos efectos, é polo que manifesta o seu voto

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

a favor da presente moción dado que as mesmas poden emprazarse noutro lugar.

O **Sr. Alcalde** remata o debate deste punto dicindo que xa manifestou o apoio do grupo de goberno á citada moción se ben non se pode crear alarma social algunha con este tema dado que non existe estudo algún que acredite a repercusión na saúde humana.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade** **adoitándose o seguinte acordo:**

1) Instar o Goberno do Estado a reforma da Lei Xeral de Telecomunicacións na que se promova un despregamento das telecomunicación seguro e saudable para os cidadáns por encima dos beneficios económicos das empresas, contando coa participación da FEMP para a elaboración de dita reforma a fin de que sexa transmisora dos citados intereses.

2) Instar o Goberno Local a negociar coa empresa titular das antenas de telefonía no edificio de Telefonía sito na rúa Ladeira, a inmediata desinstalación das mesmas, para procurar un emprazamento máis acaído e que non comprometa a saúde das persoas.

Expediente 2585/2018. Moción do grupo municipal SOCIALISTA para a reparación e o recoñecemento persoal de Cándido Fernández García e de todas as vítimas da Guerra Civil e do Franquismo:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Festexos, Deporte, Xuventude e Educación*** do día 19 de abril de 2018, do seguinte teor literal:

“Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 22/02/2018 (nº 2018-E-RC-1573), presentado polo grupo municipal SOCIALISTA, por medio do cal xuntan Moción para a reparación e o recoñecemento persoal de Cándido Fernández García e de tódalas vítimas da Guerra Civil e do Franquismo, con proposta de acordo do seguinte teor literal:

"1.- Solicitar a Declaración de reparación e recoñecemento persoal para D. Cándido Fernández García, tenente de alcalde e concelleiro socialista da corporación de Xinzo de Limia nos comezos da Guerra Civil e asinado pola ditadura franquista.

2. Recoñecer publicamente a memoria das vítimas da represión franquista mediante monumento, placa, mención no rueiro ou outro signo físico situado na rúa e sinalar e delimitar a fosa común que existe no Cemiterio de titularidade municipal de Xinzo de Limia.

3.- Tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación -persoal ou colectiva- da sublevación, da Guerra Civil e da represión da ditadura, que aínda están presentes nas rúas, prazas e edificios de Xinzo de Limia, como é o caso da placa colocada nun dos laterais do Grupo San Sebastián...

4.- No Concello de Xinzo de Limia non se poderá celebrar ningún tipo de acto ou acción que contraveña a Lei de Memoria Histórica e que supoña a conmemoración, exaltación ou enaltecedo do golpe militar de 1936 ou do franquismo.

5.- Poñer en marcha todas as medidas necesarias para cumprir e facer cumprir a Lei de Memoria Histórica, aplicando con rigor e sensibilidade os postulados desta norma que trata de reparar a dignidade e o honor de quenes foron vítimas da ditadura franquista."

Sr. Presidente, D. Manuel López Casas abre o turno de intervencións comenzando a propoñente da

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

moción Dona Eva Oro Villarino polo Grupo Municipal Socialista para defender a mesma, sendo apoiada por todos os presentes.

Tras o debate, *resulta ditaminada favorablemente por unanimidade a seguinte proposta de acordo:*

1.- *Solicitar a Declaración de reparación e recoñecemento persoal para D. Cándido Fernández García, tenente de alcalde e concelleiro socialista da corporación de Xinzo de Limia nos comezos da Guerra Civil e asinado pola ditadura franquista.*

2.- *Recoñecer publicamente a memoria das vítimas da represión franquista mediante monumento, placa, mención no rueiro ou outro signo físico situado na rúa e sinalar e delimitar a fosa común que existe no Cemiterio de titularidade municipal de Xinzo de Limia.*

3.- *Tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación -persoal ou colectiva- da sublevación, da Guerra Civil e da represión da ditadura, que aínda están presentes nas rúas, prazas e edificios de Xinzo de Limia, como é o caso da placa colocada nun dos laterais do Grupo San Sebastián...*

4.- *No Concello de Xinzo de Limia non se poderá celebrar ningún tipo de acto ou acción que contraveña a Lei de Memoria Histórica e que supoña a conmemoración, exaltación ou enaltecemento do golpe militar de 1936 ou do franquismo.*

5.- *Poñer en marcha todas as medidas necesarias para cumprir e facer cumprir a Lei de Memoria Histórica, aplicando con rigor e sensibilidade os postulados desta norma que trata de reparar a dignidade e o honor de quen es vítimas da ditadura franquista."*

O **Sr. Alcalde**, tras a lectura do punto da orde do día abre a **1ª quenda de intervencións:**

A **Sra Elvira Lama Fernández** intervén para recordar que esta moción ven con retraso. Recordada a figura de Cándido Fernández García salientando que foi concelleiro e tenente de alcalde deste concello cando foi asasinado na Rúa en Vilar de Barrio. Agradece a esta corporación o seu apoio e prégalle que se cumpran todos e cada un dos apartados da moción.

O **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** intervén para manifestar todo o seu apoio á moción presentada para recoñecer a figura de Cándido Fernández García e aproveita para denunciar o feito de que siga existindo a Fundación Francisco Franco que é financiada por todos os españoles, e que non se faga nada por parte do Estado Español para ilegalizala. Tamén quere denunciar o feito de que o Goberno Español teña conxelada con 0 euros a partida relativa ó financiamento para a posta en marcha da lei da memoria histórica.

O **Sr. Manuel Cabas** intervén para manifestar o apoio do grupo de goberno á moción presentada ó considerar que a memoria de Cándido Fernández García debe ser recoñecida. Porén o exposto puntualiza que non se debe esquecer que na Guerra Civil existiron dous bandos e que existiron vítimas en ambos, rematando a súa intervención indicando que nas guerras todos perden, por iso esta moción é unha homenaxe a tódalas vítimas.

O **Sr. Alcalde**, abre a **2ª quenda de intervencións:**

A **Sra Elvira Lama** intervén para puntualizar que si ben é certo que nas guerras todos perden, sen embargo, uns perden máis que outros, dado que a partir do 36 había un dos



Concello de Xinzo de Limia

bandos era o que mandaba, e critica o feito de que se ben as leis obrigan a todos, sen embargo o goberno non permite a aplicación de determinadas leis como a da Memoria Histórica ó non dotar orzamentariamente a partida correspondente, chegando ó punto de que un sindicato noruego tivo que sacar a un señor de Xinzo de Limia dunha fosa. Remata a súa intervención facendo unha mención a Edelmiro Martínez Cerredelo a quen lle agradece o libro no que reflicte o pasado de Cándido Fernández García e doutra persoa asasinada no mesmo lugar.

O **Sr. Alcalde** remata a quenda de intervencións recordando que a lei de Memoria Histórica, como calquera outra lei, hai que cumprila, e que a presente moción é un recoñecemento á figura de Cándido Fernández García que foi concelleiro e tenente de alcalde desta Vila.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade** **adoitándose o seguinte acordo:**

1.- Solicitar a Declaración de reparación e recoñecemento persoal para D. Cándido Fernández García, tenente de alcalde e concelleiro socialista da corporación de Xinzo de Limia nos comezos da Guerra Civil e asinado pola ditadura franquista.

2.- Recoñecer publicamente a memoria das vítimas da represión franquista mediante monumento, placa, mención no rueiro ou outro signo físico situado na rúa e sinalar e delimitar a fosa común que existe no Cemiterio de titularidade municipal de Xinzo de Limia.

3.- Tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación -persoal ou colectiva- da sublevación, da Guerra Civil e da represión da ditadura, que aínda están presentes nas rúas, prazas e edificios de Xinzo de Limia, como é o caso da placa colocada nun dos laterais do Grupo San Sebastián...

4.- No Concello de Xinzo de Limia non se poderá celebrar ningún tipo de acto ou acción que contraveña a Lei de Memoria Histórica e que supoña a conmemoración, exaltación ou enaltecedo do golpe militar de 1936 ou do franquismo.

5.- Poñer en marcha todas as medidas necesarias para cumprir e facer cumprir a Lei de Memoria Histórica, aplicando con rigor e sensibilidade os postulados desta norma que trata de reparar a dignidade e o honor de quen foron vítimas da ditadura franquista.

Expediente 2587/2018. Moción do grupo municipal SOCIALISTA para declarar o día 24 de febreiro día de Rosalía de Castro no Concello de Xinzo de Limia:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** cede a palabra á proponente da moción Sr. Elvira Lama, a cal recorda que foi ditaminada por unanimidade na comisión correspondente e prega ó grupo de goberno que os centros de ensino se impliquen.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Trala intervención, a proposta de acordo recollida na Comisión Informativa de Cultura, Festexos, Deporte, Xuventude e Educación, de data 19/04/2018, **resulta aprobada por unanimidade adoitándose o seguinte acordo:**

- 1.- **Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.**
- 2.- **Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos vecinos e vecinas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.**
- 3.- **Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.**

Expediente 2589/2018. Moción do grupo municipal POPULAR para que se adique o Día das Letras Galegas do ano 2019 a Antón Tovar Bobillo:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Festexos, Deporte, Xuventude e Educación*** do día 19 de abril de 2018, do seguinte teor literal:

“Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 21/02/2018 (nº 2018-E-RC-1548), presentado polo grupo municipal **POPULAR** por medio do cal xuntan Moción para que se adique o Día das Letras Galegas do ano 2019 a Antón Tovar Bobillo, con proposta de acordo do seguinte teor literal:

"O Concello de Xinzo de Limia solicita á Real Academia Galega para que se adique o DIA DAS LETRAS GALEGAS do ano 2019 a DON ANTON TOVAR BOBILLO."

Sr. Presidente, **D. Manuel López Casas**, comenza a súa intervención defendendo a moción do seu grupo a cal é apoiada por todos os presentes, se ben o voceiro do Grupo de Xinzo Adiante, **D. Manuel Pérez Campos**, critica que con carácter previo á presentación da presente moción polo Grupo Municipal Popular non se puxera en contacto co Concello de Rairiz de Veiga, motivo polo que o Concelleiro do Grupo Popular, **Don Carlos López Salgado**, realiza unha engádegas "in voce" a mesma no eido de remitir o acordo Plenario que se adopte en relación á presente moción ós Concellos da Comarca da Limia a fin de que se adhiran a citada petición se o estiman.

Tras o debate, **resulta ditaminada favorablemente por unanimidade a seguinte proposta de acordo:**

- 1) **O Concello de Xinzo de Limia solicita á Real Academia Galega para que se adique o DIA DAS LETRAS GALEGAS do ano 2019 a DON ANTON TOVAR BOBILLO.**
- 2) **Remitir o acordo Plenario ós Concellos da Comarca da Limia a fin de que se adhiran a citada petición se o estiman."**

Non habendo intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade adoitándose o seguinte acordo:**

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

- 1) O Concello de Xinzo de Limia solicita á Real Academia Galega para que se adique o DIA DAS LETRAS GALEGAS do ano 2019 a DON ANTON TOVAR BOBILLO.
- 2) Remitir o acordo Plenario ós Concellos da Comarca da Limia a fin de que se adhiran a citada petición se o estiman.

Expediente 2610/2018. Moción conxunta a instancia do grupo municipal "XINZO ADIANTE" e outras solicitudes para a declaración de Zona de Emerxencia polos danos producidos pola auga:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Pedanías, Desenvolvemento Agrario e Industrial, e Participación Cidadá*** do día 19 de abril de 2018, do seguinte teor literal:

“Vista a *Proposta da Alcaldía*, de data 16/04/2018, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a moción urxente presentada na sede electrónica en data 15 de marzo do 2018 con número de Rexistro 2018- E-RE-25 polo Grupo Municipal Xinzo Adiante para solicitar que se declare o Concello de Xinzo de Limia como zona catastrófica por inundación.

Visto escrito presentado polo presidente da Asociación de Produtores de Pataca da Limia no que insta á declaración de zona catastrófica a nivel comarcal.

Visto escrito do alcalde do Concello de Sandiás con Rexistro de Entrada 3.4.2018 con número 2735 en virtude do cal dásenos traslado da moción debatida no Pleno de dito Concello de data 26.03.2018 relativa ós danos causados pola auga no Concello de Sandiás, a fin de que dada a incidencia comarcal de ditos danos, se poidan adherir os outros Concellos integrantes da Comarca da Limia na solicitude de declaración de zona de emerxencia con carácter urxente.

Coa finalidade de uniformizar a petición a nivel comarcal, por parte desta Alcaldía propónse que a redacción da solicitude de declaración de Zona de Emerxencia se faga consonte a proposta remitida polo Concello de Sandiás, por ser esta ademais minuciosa e abarcar todos os puntos recollidos nos outros escritos, polo que **PROPOÑO**

- 1) Instar á Xunta de Galicia por medio da Xefatura Territorial de Medio Rural a unha avaliación técnica dos danos producidos no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca.
- 2) Declaración oficial de “ZONA DE EMERXENCIA” con carácter de urxencia.
- 3) Instar á Delegación de Xunta de Galicia en Ourense para que coordine e convoque unha reunión inmediata e urxente con todos os alcaldes e alcaldesas da comarca para analizar as posibles medidas a adoptar.
- 4) Solicitar axuda e financiación á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense para a realización dos traballos necesarios para paliar os danos e o impacto das consecuencias dos temporais no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca.
- 5) Instar á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense ó estudio de posibles medidas de apoio á actividade agraria na Comarca (seguros agrarios, IRPF...) como se fixo

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

noutras ocasións.

6) *Instar á Xunta de Galicia a que tome as medidas oportunas diante doutros organismos como é a Confederación Hidrográfica do Miño- Sil relativas á limpeza, desbroce e mantemento dos cauces dos ríos, regatos, canles e desaugadorios no Concello de Xinzo de Limia e no resto da comarca.* 7) *Comunicar este Acordo Plenario á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, á Deputación Provincial, Confederación Hidrográfica do Miño- Sil e aos Alcaldes da Comarca da Limia. (...)*"

Sr. Presidente, *D. Manuel López Casas*, da lectura á proposta que se trae a Comisión na que se explica que dado que consta unha moción urxente presentada na sede electrónica en data 15 de marzo do 2018 con número de Rexistro 2018- E-RE-25 polo Grupo Municipal Xinzo Adiante para solicitar que se declare o Concello de Xinzo de Limia como zona catastrófica por inundación; un escrito presentado polo presidente da Asociación de Produtores de Pataca da Limia no que insta á declaración de zona catastrófica a nivel comarcal e outro escrito do alcalde do Concello de Sandiás con Rexistro de Entrada 3.4.2018 con número 2735 en virtude do cal dásenos traslado da moción debatida no Pleno de dito Concello de data 26.03.2018 relativa ós danos causados pola auga no Concello de Sandiás, a fin de que dada a incidencia comarcal de ditos danos, se poidan adherir os outros Concellos integrantes da Comarca da Limia na solicitude de declaración de zona de emerxencia con carácter urxente.

Coa finalidade de uniformizar a petición a nivel comarcal, por parte desta Alcaldía é polo que se propuxo que a redación da solicitude de declaración de Zona de Emerxencia se fixera consonte a proposta remitida polo Concello de Sandiás, por ser esta ademáis minuciosa e abarcar todos os puntos recollidos nos outros escritos, proposta que é aceptada por todos os grupos municipais, se ben o Concelleiro do Grupo Municipal Socialista, *D. José Alberto Martínez*, realiza dúas puntualizacións: unha, no apartado segundo da parte dispositiva da proposta da Alcaldía relativa a que se inste ó Goberno Central para que faga declaración oficial de "Zona de Emerxencia" con carácter urxente, e outra relativa a que no apartado cuarto da parte dispositiva da proposta da Alcaldía se engada a petición de financiación para afrontar os danos tanto nos cultivos do cereal como nos da pataca, engádega que é aceptada finalmente por todos os voceiros, quedando a parte dispositiva da proposta co seguinte teor literal:

1) *Instar á Xunta de Galicia por medio da Xefatura Territorial de Medio Rural a unha avaliación técnica dos danos producidos no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca.*

2) *Instar ó Goberno Central a Declaración oficial de "ZONA DE EMERXENCIA" con carácter de urxencia.*

3) *Instar á Delegación de Xunta de Galicia en Ourense para que coordine e convoque unha reunión inmediata e urxente con todos os alcaldes e alcaldesas da comarca para analizar as posibles medidas a adoptar.*

4) *Solicitar axuda e financiación á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense para a realización dos traballos necesarios para paliar os danos e o impacto das consecuencias dos temporais no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca, tanto nos cultivos de cereal como nos da pataca.*

5) *Instar á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense ó estudio de posibles medidas de apoio á actividade agraria na Comarca (seguros agrarios, IRPF...) como se fixo*

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

noutras ocasións.

- 6) Instar á Xunta de Galicia a que tome as medidas oportunas diante doutros organismos como é a Confederación Hidrográfica do Miño- Sil relativas á limpeza, desbroce e mantemento dos cauces dos ríos, regatos, canles e desaugadorios no Concello de Xinzo de Limia e no resto da comarca.
- 7) Comunicar este Acordo Plenario á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, á Deputación Provincial, Confederación Hidrográfica do Miño- Sil e aos Alcaldes da Comarca da Limia

Tras o debate, resulta ditaminada favorablemente por unanimidade a seguinte proposta de acordo:

- 1) Instar á Xunta de Galicia por medio da Xefatura Territorial de Medio Rural a unha avaliación técnica dos danos producidos no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca.
- 2) Instar ó Goberno Central a Declaración oficial de “ZONA DE EMERXENCIA” con carácter de urxencia.
- 3) Instar á Delegación de Xunta de Galicia en Ourense para que coordine e convoque unha reunión inmediata e urxente con todos os alcaldes e alcaldesas da comarca para analizar as posibles medidas a adoptar.
- 4) Solicitar axuda e financiación á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense para a realización dos traballos necesarios para paliar os danos e o impacto das consecuencias dos temporais no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca, tanto nos cultivos de cereal como nos da pataca.
- 5) Instar á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense ó estudio de posibles medidas de apoio á actividade agraria na Comarca (seguros agrarios, IRPF...) como se fixo noutras ocasións.
- 6) Instar á Xunta de Galicia a que tome as medidas oportunas diante doutros organismos como é a Confederación Hidrográfica do Miño- Sil relativas á limpeza, desbroce e mantemento dos cauces dos ríos, regatos, canles e desaugadorios no Concello de Xinzo de Limia e no resto da comarca.
- 7) Comunicar este Acordo Plenario á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, á Deputación Provincial, Confederación Hidrográfica do Miño- Sil e aos Alcaldes da Comarca da Limia."

O Sr. **Alcalde** abre a **quenda de intervencións**:

O Sr. **Ramiro Rodríguez** intervén para manifestar o seu apoio á presente moción, se ben aproveita a ocasión para solicitar que polo órgano de goberno se adopte algunha medida de xeito estrutural, dado que nos últimos catro ou cinco anos lévase pedindo polo Concello de Xinzo de Limia de maneira sistemática a declaración de Zona de Emerxencia, sen adoptar medida algunha para combater este tipo de continxencias.

O Sr. **Manuel Pérez Campos** intervén para manifestar o seu apoio á moción, se ben quere por de manifesto a deixadez de funcións das administracións, e concretamente, do Concello de Xinzo de Limia dado que as cunetas de desaugadoiro están tapadas,



Concello de Xinzo de Limia

pregándolle ó grupo de goberno que se adopten medidas preventivas.

A **Sra. Elvira Lama** manifesta que esta proposta de acordo vai a ser debatida o día 27 na Deputación de Ourense, e indica que se ben contra as inclemencias meteorolóxicas hai pouco que facer, sen embargo, prégalle ó grupo de goberno que adopte medidas relativas ás cunetas, pistas, etc. e que busque axudas a través da Xunta de Galicia para os seguros do sector agrogandeiro, dado que os efectos neste sector resíntense en toda a actividade da Comarca da Limia.

O **Sr. Manuel Cabas** intervén para indicar que está de acordo coa necesidade de adoptar medidas estruturais que dean máis estabilidade ó sector agrogandeiro.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade** **adoitándose o seguinte acordo:**

1) Instar á Xunta de Galicia por medio da Xefatura Territorial de Medio Rural a unha avaliación técnica dos danos producidos no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca.

2) Instar ó Goberno Central a Declaración oficial de “ZONA DE EMERXENCIA” con carácter de urxencia.

3) Instar á Delegación de Xunta de Galicia en Ourense para que coordine e convoque unha reunión inmediata e urxente con todos os alcaldes e alcaldesas da comarca para analizar as posibles medidas a adoptar.

4) Solicitar axuda e financiación á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense para a realización dos traballos necesarios para paliar os danos e o impacto das consecuencias dos temporais no Concello de Xinzo de Limia e no resto da Comarca, tanto nos cultivos de cereal como nos da pataca.

5) Instar á Xunta de Galicia e Deputación de Ourense ó estudio de posibles medidas de apoio á actividade agraria na Comarca (seguros agrarios, IRPF...) como se fixo noutras ocasións.

6) Instar á Xunta de Galicia a que tome as medidas oportunas diante doutros organismos como é a Confederación Hidrográfica do Miño- Sil relativas á limpeza, desbroce e mantemento dos cauces dos ríos, regatos, canles e desaugadorios no Concello de Xinzo de Limia e no resto da comarca.

7) Comunicar este Acordo Plenario á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, á Deputación Provincial, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e aos Alcaldes da Comarca da Limia.

Expediente 2602/2018. Moción do grupo municipal "XINZO ADIANTE" para que se atendan as reivindicacións do persoal laboral de Xustiza:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** cede a palabra ó proponente da moción **Sr. Manuel Pérez Campos**, o cal motiva a mesma no feito de que o persoal de xustiza leva case 3 meses en folga o que conleva un estancamento do servizo, pregándolle neste xeito á Xunta de



Concello de Xinzo de Limia

Galicia que chegue a un acordo para que se resolva o problema o antes posible.

O **Sr. Ramiro Rodríguez** intervén para manifestar o seu apoio á moción e pon de manifesto a incapacidade do Sr. Rueda de chegar a un acordo cos sindicatos o cal repercute no día a día dos cidadáns.

A **Sra. Elvira Lama** intervén para recordar que nos atopamos na xornada 78 de folga que é apoiada polos procuradores, avogados e xuíces, salientando os graves efectos que dita folga ten nas economías das familias do persoal de xustiza así como o grave prexuízo aos usuarios. Asemade sinala que as demandas dos traballadores sempre son xustas, e que o Sr. Rueda e o Sr. Feijó deberían presentar a súa renuncia respectivamente por ser incapaces e incompetentes.

Intervén o **Sr. Manuel Cabas** para indicar que si ben o obxecto da moción non é competencia desta Administración, sen embargo, como queira que a folga afecta a tódolos cidadáns é polo que o grupo de goberno apoia a presente moción.

Remata as intervencións o **Sr. Alcalde** indicando que nos atopamos ante un conflito no que para chegar a un acordo é preciso que as dúas partes cedan, e que a pesares do tempo transcorrido a negociación non foi posible cerrala, sendo sufridas as consecuencias polos cidadáns.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade** **adoitándose o seguinte acordo:**

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Negociar coas organizacións sindicais con representación entre o persoal de Xustiza para acadar unha equiparación dos salarios e complementos do persoal da Administración xudicial de Galiza cos dos seus homólogos noutras Comunidades Autónomas.***
- 2.- Negociar e acadar un acordo para que non exista discriminación no ámbito xudicial na percepción de complementos salariais por incapacidades temporais ou similares.***
- 3.- Repoñer as prazas amortizadas dende o ano 2012.***
- 4.- Equiparar salarialmente as substitucións verticais.***
- 5.- Consolidar as prazas de reforzo que leven máis de tres anos exercendo.***

Expediente 2606/2018. Moción do grupo municipal "XINZO ADIANTE" para a equiparación salarial do funcionariado galego cos seus homólogos de Cataluña e Euskadi:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior e Tráfico*** do día 19 de abril de 2018, do seguinte teor literal:

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

“Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 28/02/2018 (nº 2018-E-RC-1724), presentado polo grupo municipal "XINZO ADIANTE", por medio do cal xuntan Moción para a equiparación salarial do funcionariado galego cos seus homólogos de Catalunya e Euskadi, con proposta de acordo do seguinte teor literal:

"1.- Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia e do estado español a equiparación salarial de todo o funcionariado galego cos seus homólogos de Catalunya e Euskadi."

Sr. Presidente, D. Manuel López Casas abre o turno de intervencións comenzando a propoñente da moción D. Manuel Pérez Campos do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" para defender a mesma, sendo apoiada por todos os presentes.

Tras o debate, *resulta ditaminada favorablemente por unanimidade a seguinte proposta de acordo:*

Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia e do estado español a equiparación salarial de todo o funcionariado galego cos seus homólogos de Catalunya e Euskadi."

O **Sr. Alcalde** abre a **quenda de intervencións**:

O **Sr. Manuel Pérez Campos** intervén para indicar que con esta moción preténdese acadar dous obxectivos, un relativo ao principio básico de a igual traballo igual salario, e o outro relativo a que os maiores ingresos que recada o Estado como consecuencia da recuperación económica se adiquen a financiar a equiparación salarial do funcionariado galego, respecto aos seus homólogos de Cataluña e Euskadi.

A **Sra. Elvira Lama** intervén para manifestar o seu apoio á presente moción dado que a disparidade salarial contravén os principios constitucionais.

O **Sr. Manuel Cabas** intervén indicando que o motivo do apoio á presente moción é porque a igual funcións ten que existir igual salario.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade** **adoitándose o seguinte acordo:**

Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia e do estado español a equiparación salarial de todo o funcionariado galego cos seus homólogos de Catalunya e Euskadi.

Expediente 1374/2018. BONIFICACION ICIO. Licenza urbanística de obras maiores. Rehabilitación enerxética colexio CEIP Carlos Casares:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda*** do día 19 de abril de 2018, do seguinte teor literal:

"Vista a Proposta da Alcaldía, de data 16/04/2018, do seguinte teor literal:

"(...) PROPOSTA Ó PLENARIO

SOLICITUDE PRESENTADA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, XUNTA DE GALICIA, EN RELACIÓN Á BONIFICACIÓN DE IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS INSTALACIONES E OBRAS VENCELLADA CO PROXECTO DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO CEIP CARLOS CASARES.

Vista solicitude presentada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, en relación á bonificación de imposto sobre construcciós instalacións e obras vencellada co proxecto de rehabilitación enerxética do CEIP Carlos Casares.

Visto informe emitido pola secretaría, intervención e tesourería municipais, do seguinte

teor literal:
“(…)Mediante providencia verbal do Alcalde se solicita a emisión de informe en relación á SOLICITUDE PRESENTADA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, XUNTA DE GALICIA, EN RELACIÓN Á BONIFICACIÓN DE IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS INSTALACIONES E OBRAS de data 22 de febreiro de 2018 presentada o día 27 de febreiro de 2018 con número de rexistro de entrada 1693, na que se expón literalmente: “(…) En relación coa obra de Rehabilitación enerxética do CEIP Carlos Casares, xunto se lle remite, tanto en soporte informático como en papel, unha copia do proxecto básico e de execución para que se tramite e conceda a licenza de obras no prazo máis breve posible. Dada a disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que indica que as administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer es estimular a xestión conxunta coas Administracións locais e a colaboración entre centros educativos e Administracións públicas, e que a conservación e o mantemento dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil corresponde ao municipio respectivo, solicítase que se bonifique o imposto de construción, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Ordenanza Fiscal número 1: Reguladora do imposto sobre Construcciós, Instalacións e Obras.

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Segundo o Artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2004, é posible que as ordenanzas fiscais establezan, entre outras bonificacións potestativas sobre a cota do imposto sobre construción, instalacións e obras, a seguinte:

“...2. Las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto:

a) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.”

O Concello de Xinzo de Lima recolle no artigo 10 da Ordenanza Fiscal número 1:

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras esta posibilidade: Art 10º.- Aplicarase una bonificación sobre a cota do imposto de ata o 95% a favor das construcións, instalación e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros. Segundo se desprende dos antecedentes de feito, en principio neste caso concorren circunstancias sociais que, consonte a Ordenanza Fiscal Nº1: Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, poderían xustificar a declaración desta obra como de especial interese ou utilidade municipal e conseguintemente a aplicación dunha bonificación de ata o 95% da cota do imposto, sempre que o Plenario municipal así o acorde por maioría simple dos seus membros.

CONCLUSIÓN

Segundo se desprende dos antecedentes de feito, en principio neste caso concorren circunstancias sociais que, consonte a Ordenanza Fiscal Nº1: Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, poderían xustificar a declaración desta obra como de especial interese ou utilidade municipal e conseguintemente a aplicación dunha bonificación de ata o 95% da cota do imposto, sempre que o Plenario municipal así o acorde por maioría simple dos seus membros."

PROPOÑO

Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal o Proxecto de rehabilitación enerxética do CEIP Carlos Casares de Xinzo de Limia.

Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer. (...)"

Tras o debate, resulta ditaminada favorablemente por unanimidade a seguinte proposta de acordo:

Primeiro. *Declarar de especial interese ou utilidade municipal o Proxecto de rehabilitación enerxética do CEIP Carlos Casares de Xinzo de Limia.*

Segundo. *Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer."*

O Sr. **Alcalde** abre a **quenda de intervencións**:

O Sr. **Ramiro Rodríguez** intervén para manifestar o seu apoio á bonificación do ICIO solicitada pola Xunta de Galicia dado que a mesma está prevista na ordenanza e trátase dunha obra de interese municipal, salientando o feito de que é mellor perder a recadación relativa á bonificación do ICIO se isto fomenta a inversión por parte doutras administración no Concello de Xinzo de Limia.

Trala intervención, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade** **adoitándose o seguinte acordo**:

Primeiro. *Declarar de especial interese ou utilidade municipal o Proxecto de rehabilitación enerxética do CEIP Carlos Casares de Xinzo de Limia.*

Segundo. *Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre*



Concello de Xinzo de Limia

Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer.

Expediente 1157/2018. Modificación da Ordenanza nº 11 reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo:

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día queda sobre a mesa por acordo unánime do plenario.

Expediente 2729/2017. Aprobación definitiva orzamentos 2018:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O **Sr. Alcalde** cede a palabra á **Sra. Interventora Dona Mónica Legaspi Díaz**, quen informa que o obxecto do presente punto da orde do día é aprobar definitivamente os orzamentos do Concello de Xinzo de Limia para o ano 2018, cuxa aprobación inicial levouse a cabo en sesión do pleno de data 04/12/2017.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez** para anunciar o seu voto en contra polos mesmos motivos que xa explicou cando votou en contra da aprobación inicial dos orzamentos para o ano 2018.

